

Algunhas normas

- * Á biblioteca vénse voluntariamente, non é un sitio de castigo.
- * Gardaremos silencio ou procuraremos non alzar a voz cando traballemos en grupo.
- * Os xornais e revistas non se poden sacar fóra da sala e deberán deixarse no seu sitio unha vez consultados.
- * Os libros depositaranse no caixón de devolucións.
- * Os DVD devolveranse en man.
- * O uso dos ordenadores destinados ao alumnado será de carácter individual ou, como máximo de dúas persoas. O profesorado de garda poderá limitar o tempo de utilización de cada usuario (cando hai moita demanda) e restrinxir o acceso a xogos, *you tube*, *metro-flogs*, *Chats...* (se non teñen unha compoñente didáctica).

Axuda á docencia

- * A propia sala pode ser utilizada como unha aula cando o profesorado o precise. Este uso, pode ser exclusivo ou permitir a presenza doutros usuarios (vid “Normas xerais da biblioteca” que acompañan o proxecto “Medrando coa biblioteca”, aprobado polo Claustro a finais do curso 2005-06).
- * Na biblioteca atoparedes: guías didácticas de películas, de autores, material audiovisual de arte, de ciencias, de literatura... Recursos para traballar as competencias básicas, os contidos transversais, etc...
- * Realízanse préstamos para a aula.

Préstamo

Recomendamos os recreos para realizar os préstamos.

Co carné de lector accédese ao servizo de préstamo nas seguintes condicións:

- * **1,2,3** : Pódense levar para a casa ata tres libros, CDs o DVDs, xuntos ou en préstamos separados, agás obras de consulta en sala.
- * **15 días**: O período máximo de préstamo de cada libro é de quince días.
- * **Renovación (+15)**: O prazo pode ampliarse renovando o período de préstamo por outros 15 días.
- * **Devolucións**: Os libros depositaranse no caixón de devolucións.
- * **Préstamo e devolución de DVD e CD**: O período máximo deste préstamo é de **4 días**. A **devolución** realizarase **en man** (entrega directa ao profesorado de garda).
- * **Demora**: A biblioteca poderalles notificar aos titores legais do alumno/a, ben directamente a través de titoría, por carta ou aviso, as devolucións fóra de prazo ou demoras que prexudiquen o funcionamento do servizo de préstamo.
- * **Deterioro ou perda**: neste caso deberá procederse á súa reposición.

Visita o noso blogue e o noso club de lectura:

<http://bibliotecamarinas.blogspot.com>

<http://asmarinaslectoras.blogspot.com>

BIBLIOTECAS “AS MARIÑAS”



Guía de uso

Como é a nosa biblioteca

- * A sala, situada na planta baixa do edificio principal, ten capacidade para 32 persoas en postos sentados, tamén dispón de 2 postos de lectura informal e de 4 ordenadores para uso exclusivo do alumnado.
- * Na actualidade aproxímanse a 10.500 os rexistros que compoñen o catálogo da biblioteca do noso instituto (libros, películas en DVD, música en CD, ...). Mantén ademais numerosas subscricións a xornais e revistas.
- * Os andeis son abertos para permitir o acceso directo aos libros.
- * A biblioteca está aberta durante casi todo o horario de clases.
- * Se accedes desde o noso blogue (bibliotecamarinas.blogspot.com), ademais de coñecer o día a día da biblioteca, poderedes consultar o catálogo dos fondos. O **Proxecto Meiga** ao que pertencemos permite facer calquera busca polos campos máis comúns: autor, título, materia, editorial, así como informarnos das novidades.



Como buscar?

- * Todos os libros están ordenados segundo a **CDU (Clasificación Decimal Universal)**. Este sistema, que atoparás en moitas bibliotecas, baséase na división de todo o coñecido en dez grupos ou seccións que á súa vez se subdividen noutros dez grupos e estes noutros dez.
- * As dez áreas de coñecemento, realmente nove porque o 4 está baleiro, son as seguintes:
 0. **Xeneralidades: enciclopedias e dicionarios...**
 1. **Filosofía. Psicoloxía. Ética.**
 2. **Relixión. Mitoloxía.**
 3. **Ciencias Sociais: Socioloxía, Economía, Dereito,...**
 4. **(Baleiro)**
 5. **Matemáticas. Ciencias Naturais. Física. Química. Bioloxía...**
 6. **Ciencias Aplicadas: Medicina,...**
 7. **Arte. Deportes.**
 8. **Lingua. Literatura.**
 9. **Xeografía. Historia.**
- * Daquela, os libros do mesmo tema comencen sempre polo mesmo número. Podes localizalos coa axuda dos carteis na parte superior dos andeis.
- * O máis complexo adoita ser o número, 8 referido ás obras literarias que son case a metade da biblioteca e que debemos diferenciar por linguas: en castelán (821) e en galego (821.1); e clasificalas por xéneros: poesía -1, teatro -2, narrativa -3 e xuvenil-4.
- * Toda a literatura en lingua galega leva no seu canto un puntinho verde ●

Como atopar?

- * Todos os libros levan no lombo unha etiqueta, (en castelán *tejuelo*) que permite atopar calquera libro sabendo manexar a CDU e a simple orde alfabética.

Exemplo: Follas Novas **821.1-1**
de Rosalía de Castro **CAS**
fol
- * Cada etiqueta contén a **sina-tura** ou sinal de números e letras que indican a colocación do libro dentro da biblioteca.

821.1-1: Indica que a obra pertence á “Poesía en lingua galega”.

CAS: En maiúsculas, as tres primeiras letras do apelido ou pseudónimo do autor ou autora. Neste caso Rosalía de Castro.

Fol: En minúscula, as tres primeiras letras do título. Neste caso, *Follas Novas*.
- * A colocación dos libros faise primeiro por orde numérica; segundo, por orde alfabética das letras do apelido do autor; e por último, as do título.

Outras indicacións:

- Os libros que levan un punto vermello son de consulta en sala e non se poden prestar.
- Os libros que levan un punto amarelo pertencen a coleccións.

E lembra que ante calquera dúbida sempre podes pedirlle axuda á profesora ou profesor de garda.